



ACTA DA SESIÓN DO GRUPO DE TRABALLO MIXTO ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "FORESTA LALIN II"

Nas dependencias da Oficina de Emprego de Lalín, dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Pontevedra, sita na Rúa Cacharela nº 45 Concepción Arenal, 8 de Vigo, sendo as 12:00 horas do día 21 de outubro de 2019, reúnense:

En representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Vigo:

María Josefa Fernández González, actuando en calidade de presidenta deste grupo de traballo mixto.

Pilar Alvarez Blanco.

En representación do Concello de LALIN :

María Pérez Seoane

Román Pérez García

Faise constar que todos os presentes teñen voz e voto e que a presidenta ten voto de calidade.

A finalidade desta sesión é a constitución do grupo de traballo mixto e estudar as bases que rexeran os procesos de selección do persoal directivo, docente, administrativo de apoio e dos alumnos-traballadores do obradoiro de emprego "FORESTA LALIN II".

E despois da deliberación dos seus membros, o grupo de traballo mixto, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Constituír o Grupo de traballo mixto.

Segundo.- Aprobar as bases para a selección do persoal directivo, docente, administrativo e dos alumnos-traballadores do obradoiro de emprego.

No caso do persoal docente, a fase da entrevista ten unha puntuación total de 5,5 puntos, outorgando 2 puntos á comprobación práctica.

Terceiro.- Delegar na entidade promotora a presentación das ofertas xenéricas na oficina de emprego correspondente.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, sendo as once horas do día antes indicado, asinando os asistentes a presente, por duplicado exemplar, en proba de conformidade.

P.A. —

